

## A memoria das mulleres

Na memoria todo colle e, menos mal! Porque ver estas fotos agora é todo un regalo dunha época na que a fotografía non era accesible a todo o mundo nin inundaba as nosas vidas, como agora.

Nestas imaxes da memoria podemos ver ás mulleres do Cabo da Vila, sentadas na rúa, porque antes as rúas eran espazo de reunión. Noutra destas instantáneas vemos ás alumnas dunha típica aula do pasado, posando para o recordo.

Temos tamén á avoa de Conchi, que lle daba de mamar a un xatiño. E ás tres mozas disfrazadas de raíñas, que non sabemos en que ano a fixeron mais si ten pinta de facer moito!


A Maruja, coas compañeiras de costura, no concello vello cosendo os traxes para os que estaban no frente.

## Agradecementos:

A exposición "Mulleres do Rural: Moitas e Diversas" non sería posible sen a cesión de imaxes por parte de:

Conchi Pérez	Cristina Yáñez Britos
Mercedes Vázquez Saavedra	Paqui García Marcos
Pedro G. Losada	Jorge Domínguez Couso
Jesús Salgado Álvarez	Asunción Ávila García
Ermitas Domínguez Barja	Asoc. Candeia
Carolina Orozco Sarasa	Asoc, Abaneo
Andrés Ortiz Alonso	Asoc. Veciños do Cabo da Vila
Iberia Torres Abelaira	Veciñas do Santo Cristo
Nieves Fernández Vidueira	Asoc. Mulleres Rurais Bibei
José Fidalgo Vidueira	Participantes Concurso Fotografía

E, por suposto, grazas a todas as mulleres que forman parte desta exposición!!!



**15 de Outubro**  
**Día Internacional**

**Mulleres do Rural**  
Moitas e diversas!

**PROGRAMA:**

- EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS "Moitas e diversas"
  - A partir do 15 de Outubro na Sala de exposicións do Concello.
- A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS DO CIM "Palabra-Semente"
  - Participación no proxecto de Almaciga (ed. GeoPlaneta) da autora María Sánchez para recoller e gardar as palabras que están en desuso e que non queremos perder. Atentas ás redes sociais do CIM, a partir do luns 12 de outubro!
- A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS DO CIM
  - Campaña para visibilizar o papel e diversidade das mulleres rurais. Atentas ás redes sociais do CIM, a partir do mércores 14 de outubro!
- OBRADOIROS NO IES CARLOS CASARES.

## Oficios e traballos que manteñen as nosas vidas

As mulleres do rural teñen unha vinculación histórica coa terra e coas labores de coidado destas. O feito de prover de alimentación á familia mediante o coidado das hortas e dos animais é un traballo que non está recoñecido como tal pero que nos permitiu ao longo das nosas vidas sosternos e medrar.

Nas fotografías que podedes observar nesta exposición vemos traballos coma a elaboración de chourizos na matanza, a recollida das castañas, as labores nas hortas, a apicultura, o pastoreo, etc. tan importante para a sustentabilidade da nosa zona e, á vez, tan pouco visibilizados.

Somos netas, irmás, fillas, etc. de todas as mulleres que dedicaron a súa vida á terra e que grazas ao seu traballo permiten que hoxe poidamos falar dun mundo rural que aínda existe e que alimenta ás cidades.

Non somos nin sodes invisibles!

## Asociacionismo e Participación Veciñal

Participar é decidir en todo aquilo que nos afecta e do que formamos parte, participar é implicarse, crear redes, coidarse...

Mediante o asociacionismo as mulleres de Viana levan mantido tradicións e transmitido estas ás xeracións futuras, levan creado cultura e sabiduría e, como non, tamén crearon espazo de festa, disfrute e ledicia que tanta falla nos fai.

A música e os bailes, a gastronomía, os festexos de datas sinaladas, etc. é unha forma de manter viva a nosa identidade.

O asociacionismo e a participación veciñal tamén é unha forma de reivindicación e loita. Neste senso, na exposición, tamén se recollen fotografías que referencian ás concentracións que, nos últimos anos, se celebran por mor do 8M e do 25N, convocadas pola Asemblea Feminista de Viana do Bolo.

Que estas imaxes sirvan para inspirar, para animarte e animarnos a seguir,.

## Tradicións que marcan e dán quen somos

O papel das culturas e das tradicións forma unha parte indispensable do que somos, da nosa identidade!

En Viana podemos falar de moitas tradicións pero unha que forma parte de nós moi fundamentalmente é o Entroido. Nas maxes reflíctese parte da emoción que se sente tocando o fulión ou vestindo o traxe de boteira.

De feito a proposta do "Fulión Feminino" parte desta idea, de visibilizar que as mulleres tamén están, tamén tocan, e tamén saltan na monca e abren o paso. E este feito é importante para crear referentes ás cativas, para que as tradicións non se perdan e para que teñamos a mesma visibilidade e a mesma importancia.

Dentro desta sección de tradicións tamén atopamos imaxes da malla, que pese a ser un oficio, xa non está tan presente nas nosas vidas. Para non esquecer é fundamental reproducir e homenaxear a este tipo de actividades que nos mantiveron vivas!

## Mulleres de Viana en primeira plana!

As fotografías que atopamos nesta sección forman parte do concurso convocado polo Centro de Información á Muller de Viana do Bolo no verán de 2020 e que animaba á poboación a participar con imaxes nas que "se puideran apreciar os valores, que acompañan ás mulleres vianesas, como son o esforzo, compañeirismo, traballo en equipo, compromiso, entre outros."

Participaron un total de 13 fotografías firmadas por 8 autoras procedentes de diferentes lugares. Finalmente o fallo do xurado outorgou os premios da seguinte maneira:

1º Paulo Joaquín García Eléxpuru, pola súa obra "A cuba do esforzó"

2º Clara Ortega Fernández, pola súa obra "Pastora"

3º Cristina Fernández Hernández, pola súa obra "Paseo nas nubes"

Grazas por participar!